



# Semana Santa

# Santa

## 2026



Do 22 de marzo ao 5 de abril de **2026**





## **Domingo 22 de marzo**

### **18:00 h. Pregón da Semana Santa na Capela das Reliquias da S. I. Catedral**

A cargo da xornalista Eva González del Socorro.

Pequeno concerto a cargo do Conservatorio Municipal de Música de Tui.

*Organiza: Asociación de Amigos da Catedral de Tui.*

*Colabora: Cabido Catedral de Tui e Irmandade do Docísimo Nome de Xesús e Santa Casa de Misericordia.*




## **Domingo 29 de marzo**

### **Domingo de Ramos**

#### **11:00 h. Bendición de ramos na Praza de San Fernando**

A continuación procesión e Santa Misa na S. I. Catedral.





## Mércores 1 de abril

# Mércores Santo

### 12:00 h. Misa Crismal na S. I. Catedral

Presidida polo Bispo da diocese e concelebrada polo presbiterio diocesano.

*Bendición dos óleos que se empregan na administración dos sacramentos nas parroquias durante o ano e renovación polos presbíteros das súas promesas sacerdotais.*



## Xoves 2 de abril

# Xoves Santo

### 19:30 h. Misa Vespertina da cea do Señor na S. I. Catedral

### 19:00 a 23:00 h. Visita aos Monumentos

Tradicional percorrido polos seguintes lugares: S. I. Catedral, Igrexas das Monxas Clarisas, Igrexa de San Telmo, Capela da Residencia San Telmo, Igrexa de San Domingos e igrexa de San Bartolomeu. Na Capela da Misericordia visitase a representación do Horto das Oliveiras.

### 21:30 h. Procesión da Oración do Señor no Horto das Oliveiras

Saída dende a Capela da Misericordia, percorrendo as rúas do conxunto histórico. Acompañada da Banda de Música Popular de Tui.

*Organiza: Irmandade do Docísimo Nome de Xesús e Santa Casa de Misericordia.*

### 22:30 h. Hora Santa na S. I. Catedral

## «Monumentos» de Xoves Santo



S.I. Catedral de Tui



Capela Misericordia



Igrexa de San Telmo



Convento Clarisas



San Bartolomeu



Igrexa de San Telmo



San Domingos

**Venres 3 de abril**

## **Venres Santo**

### **11:00 h. Sermón do Encontro e procesión dos Pasos**

Saída dos pasos dende a Capela da Misericordia até a Praza de San Fernando onde terá lugar o Sermón do Encontro.

Orador: D. Santiago Freire Comesaña, cóengo e párroco de Tui.

A continuación procesión polas rúas do conxunto histórico de Tui. Acompañada da Banda de Música Popular de Tui.

*Organiza: Irmandade do Docísimo Nome de Xesús e Santa Casa de Misericordia.*

*Colabora: Asociación "Cristo da Agonía" - Antigos Voluntarios de Protección Civil de Tui.*

### **18.00 h. Celebración da Paixón do Señor na S. I. Catedral**

### **20:00 h. Sermón do Desencravo e procesión do Santo Enterro**

Na igrexa de San Domingos Sermón do Desencravo.

Orador: D. Juan de Olazabal Zarauza, vigairo parroquial de Tui e párroco de Areas e Pexegueiro.

A continuación Procesión do Santo Enterro, que organiza tradicionalmente o Concello de Tui coa colaboración da Irmandade do Docísimo Nome de Xesús e Santa Casa de Misericordia, polas rúas da cidade ata a igrexa parroquial de San Francisco. Acompañada da Banda de Música Popular de Tui.



# Venres Santo



**Sábado 4 de abril**

## **Sábado Santo**

**08:00 h. Procesión de Nosa Señora da Soidade**

Saída dende a Igrexa de San Francisco ata a S. I. Catedral.

A continuación sermón a cargo de D. Santiago Freire Comesaña, cóengo e párroco de Tui.

**20:00 h. Solemne Vixilia Pascual na igrexa parroquial de San Francisco**



**Domingo 5 de abril**

## **Domingo de Pascua de Resurrección**

**12:00 h. Misa Pascual na S. I. Catedral**

Presidida polo Bispo da diocese.



# Semana Santa en Tui



Non podemos esquecer que esta conmemoración anual dos misterios sacrosantos da nosa rendición empeza con gritos de xúbilo o Domingo de Ramos e termina con himnos triunfais no gozo da Resurrección.

Tui foi e é a cidade da cátedra episcopal e aprendeu moi ben que hai que abrir os ollos e o corazón máis ás leccións da Santa Liturxia destes días que historicamente son o núcleo central do ano eclesiástico e litúrxicamente a súa finalidade última.

Por iso Tui nestes días con participación nutrida, devota e intelixente acude á súa vella catedral para aprender dos cánticos, oracións e símbolos dos oficios litúrxicos a teoloxía máis profunda e o máis vivo dramatismo.

Só en Tui, por ser a Igrexa Nai da Diocese a súa Catedral, pódese evocar a dependencia que ten cada parroquia con respecto a súa Catedral e todo párroco con respecto ao seu Bispo na maxestuosa liturxia dos Óleos da Misa Crismal da mañá do Mércores Santo.

E así Tui alimenta a súa fe, a súa esperanza, o seu amor. Vibra de alegría xubilosa -similar e eco da gloria daquela xornada triunfal de Cristo en Xerusalén- na procesión do Domingo de Ramos. Vive a doutrina do corpo místico a nivel diocesano na misa Crismal do Mércores Santo coa plasticidade da xerarquía da Igrexa, representada neses sacerdotes e diáconos chegados a Tui de toda a xeografía diocesana e portadores desde Tui dos Óleos santificados que unxirán as mans dos novos sacerdotes, a carne dos recién nados en Cristo polo Bautismo, o corpo atlético para as loitas do espírito na Confirmación e a carne débil dos enfermos na última unción.


Sente a caridade do “*Mandatum novum*” de Xesús no Lavatorio dos pés, ao mesmo tempo que agradece o don da Eucaristía na “*Misa en Coena Domini*” do Xoves. Adora a cruz chorando ante as queixas de Cristo nos Improperios: “*Pueblo mío, ¿en que te he contristado?, respóndeme*” na Acción Vespertina do Venres. E na Vixilia Pascual, “*nai de todas as Vixilias*”, en expresión agustiniana, sente palpablemente na “*vere beata nox*” -na noite santa- a victoria da luz sobre as tebras renovando alí as súas promesas bautismais.

Pero xunto ao litúrxico que coida con esmero, acolle tamén coa devoción piadosa dos seus maiores as demais devocións tradicionais que son o seu complemento e marco e nas súas procesións, nada ruidosas, senón caladas, doridas, devotas, sensibiliza dramaticamente os sacrosantos Misterios destes días. Devoción sinxela e tenramente compasiva, ao Gabriel e Galán, na procesión do Nazareno, despois do Encontro. Solemne, profundamente silenciosa e triste a do Santo Entero, iluminada co tremor dos cirios, símbolos no seu gotear de cera das bágoas dos corazóns apenados polo tremendo deicidio daquel “*en quen todos puxemos as nosas mans*”. E a Señora da Soidade, non se sente soa, por que as mulleres de Tui, saben facerlle compañía esperando con María en expectación gozosa a alegría alleluíaca das campás da cidade que anunciarán con repique-teo xubiloso unha nova Resurrección.

## Tui marzo de 1963

Publicado no “Boletín Informativo do Centro de Iniciativas e Turismo de Tui”, ano III, nº 30, marzo de 1963.

# A Dolorosa de Querol



Agustín Querol (Tortosa -Tarragona, 1860 – Madrid, 1909) foi un dos máis afamados escultores españois de finais do século XIX e inicios do XX, caracterizado por un estilo que foi definido como fundamentalmente ecléctico, realista, neobarroco, modernista e impresionista. Posúe unha abondosa obra escultórica e innumerables monumentos públicos en España e Hispanoamérica. De notabilísima fama en vida, tras a súa morte foi esquecida a súa figura pero a súa notable calidade artística perdura.

Na nosa cidade contamos cunha obra de Agustín Querol que enriquece o noso patrimonio artístico, unha imaxe da “Dolorosa”, conservada na Capela da Misericordia e que procesiona anualmente no Venres Santo, similar á conservada no Museo do Prado. O seguinte artigo do cronista tudense Manuel Fernández Valdés de 1949 documenta esta obra escultórica que agardamos sexa máis coñecida e valorada polos tudenses.



Entre as moitas imaxes que se veneran en Tui, ningunha tan emotiva como a Mater Dolorosa, obra do insigne Querol, que dá realce á cerimonia e subseguinte procesión do Santo Encontro.

Nesta fermosa talla, Querol rompe moldes tradicionais e simboliza a dor, única, inmensa, de María na coroa de espiñas, o máis ignominioso atributo da paixón do seu Fillo, oprimida contra o seu peito.

Foi esta a obra póstuma de Querol. Nas fotografías da capela ardente que publicaron as revistas ilustradas nas pos-trimerías do ano 1909 -Querol morreu o 12 de decembro do devandito ano- aparece en primeiro termo a Mater Dolorosa de Tui, entre outras obras que rodeaban o féretro.

Pero a concepción desta imaxe remontase aos primeiros tempos do artista. Case se podería afirmar que foi a súa primeira obra.

Querol pertencía a unha humilde familia catalana. A súa vocación fíxolle abandonar o forno de pan cocer do seu pai e trasladarse a Barcelona.

Pero antes de triunfar pasou por moitas vicisitudes. O seu gran amigo Fernando Agulló refírese a el así: *“Un día venceu; nun rincón da súa barraca había un bulto cuberto con trapos mollados; sempre nos tiña dito que aquilo era un barro. Un día descubriuno á nosa vista. Era unha estatua da Virxe Dolorosa, unha das súas mellores obras (a mellor ata entón), a obra da súa alma, da súa ilusión. A Virxe das Dores apareceu ante os nosos ollos cunha intensidade de*



*dor inmenso; sobre o seu corazón, en vez das sete espadas, apretaba a coroa de espiñas do seu fillo. Abrazamos ao artista e case choramos con el. Aquela Dolorosa era e representaba o triunfo, o provir, a gloria, a riqueza quizais."*

Isto ocorría no ano 1881. Esta obra da súa alma foi un día tristemente vendida. Nos conta outro biógrafo: "Tiña no seu obradoiro a estatura da Dolorosa, sen ter logrado vendela aínda, cando se anunciou a provisión dunha praza de escultor pensionado en Roma. Querol carecía de recursos para unha viaxe á corte. Entón un amigo levouno case arrastrando ao despacho do banqueiro Arnús, ofrecéndolle a adquisición da Dolorosa. Este deu por ela 500 pesetas e o gozo de Querol non tivo límites por ver realizado o seu soño dourado de ir a Madrid."

E en Madrid, o xurado, por unanimidade, concedeu-lle a praza. Desde entón trocose a súa estrela.

En Roma estivo tres anos. Na exposición da Academia de España en Roma, no ano 1886, presenta Querol coas obras dos demais pensionados españois, outra Mater Dolorosa, en todo semellante á primeira. Na crónica que desde a cidade eterna envía á "La Ilustración Artística" o Sr. Fernández Merino, ao facer a descrición das obras presentadas por Querol, di con referencia a esta Dolorosa: "*Nada máis antiestética que esas vírxenes de corazón superposto atravesado por sete espadones e ao parecer descolgados dunha armería da Idade Media. Querol separándose de trivialidade tan grande, presentou á Virxe atristada no momento que oprime contra o seu peito a coroa de espiñas que foi instrumento de martirio do seu Fillo.*"

Na páxina 357 da "Ilustración Artística" correspondente a 1887 reproducécese unha fotografía do estudo de D. Agustín Querol en Roma, no que descolla a súa Dolorosa, con identidade absoluta á que se venera en Tui.

O entusiasta presidente da Hermandade da Misericordia de Tui, D. Valentín Cousiño, no seu desexo de prestixiar a cerimonia e procesión do Santo Encontro, fixera, sen resultado, reiteradas xestións cerca do insigne escultor de quen nos vimos ocupando para que tallase, con destino á dita igrexa da Misericordia, unha imaxe da Dolorosa.



Tiña Don Agustín Querol dous grandes amigos e confidentes, o poeta Martínez Sierra e o periodista D. Prudencio Rovira, emparentado con distinguidas familias de Tui. Este señor Rovira era secretario particular de D. Antonio Maura, xefe de goberno á sazón, e a súa amizade con Querol, levou a este afiliarse á política maurista, obtendo acta de deputado, con tal carácter, na Cortes de 1907.

Por influxo de Rovira conseguiu o Sr. Cousiño que Querol, xa enfermo, aceptara o encargo da Dolorosa.

E así se logrou para Tui a fermosa imaxe cuxa fotografía ilustra estes apuntes.

Á morte de Querol estaba a imaxe totalmente tallada, aínda que sen policromar.

E o Venres Santo de 1910 percorreu procesionalmente as rúas de Tui, ante a admiración das xentes, a máis sublime expresión da dor humana, resplandecente de maxestade divina, da que era Nai do Home pero tamén Nai de Dios.

M. F. Valdés Costas.

El pueblo gallego: rotativo de la mañana: Ano XXV Número 8044 - 1949 abril 13

# Tui

## Semana

Do 22 de marzo ao 5 de abril

# Santa



1225 / 2025  
CATEDRAL DE TUI  
800 ANOS



Hermandad del  
Dulcísimo Nombre  
de Jesús y de la Santa  
Casa de Misericordia



Colabora  
Asociación "Cristo da  
Agonia" - Antigos Voluntarios  
de Protección Civil de Tui

